

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Benteler Automotive Vigo S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, once de xuño de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra don _____, director rexional de RR.HH e Don _____, en nome e representación da empresa Benteler Automotive Vigo S.L. segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis

adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora.

6º. Que a empresa Benteler Automotive Vigo S.L. está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012 -formación coa participación da empresa-, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Benteler Automotive Vigo S.L. para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa Benteler Automotive Vigo S.L. e no centro educativo IES Politécnico de Vigo.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Cada proxecto toma como referencia un dos currículos oficiais implantados na Comunidade Autónoma de Galicia establecidos polos seguintes decretos:
 1. Decreto 115/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento Electromecánico.
 2. Decreto 109/2013, do 4 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mecatrónica Industrial.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro 2018 ata o 31 de agosto de 2020.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico en Mantemento Electromecánico ou o de técnico superior en Mecatrónica Industrial.
- d. Ademais, atendendo ás características das empresas, o primeiro ano de vixencia deste proxecto dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano esta porcentaxe será do 5 %.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para os ciclos formativos de Mantemento Electromecánico e de Mecatrónica Industrial (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. A empresa Benteler Automotive Vigo S.L. comprométese a acoller nas súas instalacións, como mínimo, o número de alumnas ou alumnos que para cada ciclo formativo se establece no

anexo. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Benteler Automotive Vigo S.L. colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a empresa se compromete a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. A empresa Benteler Automotive Vigo S.L. comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa Benteler Automotive Vigo S.L. achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 415 euros o primeiro ano e de 485 euros o segundo ano, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente nas empresas. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá a formación no centro educativo, segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresas axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo nas empresas, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral das empresas, reservándose ata un máximo de catro horas cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar, cando menos, o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado nelas.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa Benteler Automotive Vigo S.L. nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES Politécnico de Vigo.
- Os profesores titores ou as profesoras titoras do centro educativo.

Dúas persoas representantes da empresa Benteler Automotive Vigo S.L.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro (BOE do 10 de decembro), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de

novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, a empresa comprométese a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Asdo.: Román Rodríguez González

**O representante da empresa Benteler
Automotive Vigo S.L.**

**O representante da empresa Benteler
Automotive Vigo S.L.**

Asdo.: _____

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Mantemento Electromecánico	15
Mecatrónica Industrial	15
Total	30

1.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao medio en Mantemento Electromecánico

Duración do proxecto			Curso 2018-2019	Curso 2019-2020	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (55 %)	552 h	556 h	-
	Empresa	Formación na empresa (45 %)	275 h	207 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de traballo.

1.2.1 Temporalización dos módulos profesionais

1.2.1.1 Curso 2018-2019

Planificación

Curso 2018-2019												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.
	Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0949	Técnicas de fabricación	240	70	170
MP0951	Electricidade e automatismos eléctricos	240	240	0
MP0952	Automatismos pneumáticos e hidráulicos	240	180	60
MP0956	Formación e orientación laboral	107	62	45
TOTAL		827	552	275

1.2.1.2 Curso 2019-2020

Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.
	Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0950	Técnicas de unión e montaxe	133	88	45
MP0953	Montaxe e mantemento mecánico	210	48	162
MP0954	Montaxe e mantemento eléctrico-electrónico	192	192	0
MP0955	Montaxe e mantemento de liñas automatizadas	175	175	0
MP0957	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
TOTAL		763	556	207

1.2.2 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

▪ Mantemento e montaxe mecánica de equipamento industrial, IMA041_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0116_2: montar e manter maquinaria e equipamento mecánico.
– UC0117_2: manter sistemas mecánicos hidráulicos e pneumáticos de liñas de produción automatizadas.
▪ Montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial, ELE599_2 (Real decreto 560/2011, do 20 de abril), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1978_2: montar sistemas de automatización industrial.
– UC1979_2: manter sistemas de automatización industrial.
▪ Montaxe e posta en marcha de bens de equipamento e maquinaria industrial, FME352_2 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1263_2: montar, reparar e pór en marcha sistemas mecánicos.
– UC1264_2: montar, reparar e pór en marcha sistemas pneumáticos, hidráulicos, eléctricos e electrónicos de bens de equipamento e maquinaria industrial.
– UC1265_2: realizar operacións de mecanizado e unión en procesos de montaxe de bens de equipamento e maquinaria industrial.

1.3 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao superior en Mecatrónica Industrial

Duración do proxecto			Curso 2018-2019	Curso 2019-2020	FCT + Proxecto
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (54 %)	567 h	510 h	-
	Empresa	Formación na empresa (46 %)	206 h	307 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de traballo.

1.3.1 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.1.1 Curso 2018-2019

Planificación

Curso 2018-2019												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.
	Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0937	Sistemas eléctricos e electrónicos	213	213	0
MP0938	Elementos de máquinas	107	107	0
MP0939	Procesos de fabricación	213	52	161
MP0940	Representación gráfica de sistemas mecánicos	133	133	0
MP0946	Formación e orientación laboral	107	62	45
TOTAL		773	567	206

1.3.1.2 Curso 2019-2020

Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xul.	ago.	set.
	Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0935	Sistemas mecánicos	187	40	147
MP0936	Sistemas hidráulicos e pneumáticos	105	60	45
MP0941	Configuración de sistemas mecatrónicos	140	140	0
MP0942	Procesos e xestión de mantemento e calidade	105	60	45
MP0943	Integración de sistemas	157	87	70
MP0944	Simulación de sistemas mecatrónicos	70	70	0
MP0947	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
TOTAL		817	510	307

1.3.2 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

- Planificación, xestión e realización do mantemento e a supervisión da montaxe de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción, IMA377_3 (Real decreto 182/2008, do 8 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia: - UC1282_3: planificar e supervisar a instalación en planta de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. - UC1283_3: planificar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. - UC1284_3: supervisar e realizar o mantemento de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas. - UC1285_3: controlar as probas e realizar a posta en marcha de instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas.
--

Cualificacións profesionais incompletas

- Deseño de produtos de fabricación mecánica, FME037_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro): - UC0106_3: automatizar os produtos de fabricación mecánica.
--